

# IX Concurso literario *M<sup>a</sup> Vitoria Taboada*

de poesía, relato curto e sketch teatral



Bases en:  
[tarabelatecablogspot.es](http://tarabelatecablogspot.es)  
Data límite: 22 de abril de 2022



IES Ramón María Aller Ulloa, Lalín

# Convocatoria

O IES “Ramón M<sup>a</sup> Aller Ulloa” convoca o **IX Concurso literario M<sup>a</sup> Vitoria Taboada de poesía, relato curto e sketch teatral**, dirixido ao alumnado de ensino secundario, ciclos formativos de grao medio e FPB matriculados en centros da Comunidade Autónoma de Galicia.

## Bases:

Poderá participar todo o alumnado de secundaria, ciclos formativos de grao medio e FPB matriculados nos centros educativos da comarca deza.

Os traballos deberán estar escritos en lingua galega e respectar a normativa actual.

Todos os traballos presentaranse en Arial 12 e 1,5 de espazo.

### Extensión:

Poesía: deberán presentarse tres poemas cunha extensión mínima de 20 versos cada un.

Relato curto: extensión máxima de tres folios e mínima de un .

Sketch teatral: cunha extensión de entre tres (3) e cinco (5) folios por unha cara.

### Presentación:

O prazo de presentación remata o 22 de abril de 2022

Os orixinais poderanse presentar impresos ou en formato dixital (PDF, Libre Office ou .doc / .docx).

**Impreso:** Entregaranse asinados con pseudónimo, nun sobre aberto, coa lenda “IX Concurso M<sup>a</sup> Vitoria Taboada”. Nel incluírase, ademais da(s) obra(s), outro sobre pechado no que conste por fóra o pseudónimo co que se asinou e dentro o nome do autor ou autora, o enderezo e o teléfono. Poderanse entregar na Secretaría do IES “Ramón M<sup>a</sup> Aller Ulloa” ou remitir a: Rúa Banda de Música de Lalín, 8. (36500) Lalín (Pontevedra). No sobre externo debe constar o lema “IX Concurso M<sup>a</sup> Vitoria Taboada”.

**Dixital:** Enviaranse a [www.marela@iesallerulloa.es](mailto:www.marela@iesallerulloa.es), poñendo como asunto: IX Concurso Vitoria Taboada. Non debe constar ningún dato persoal. O contacto establecerase, de ser necesario, a través do propio correo electrónico.

Haberá un premio para cadansúa modalidade. Poderán outorgarse os accésits que o xurado considere oportuno.

O fallo do xurado, integrado por profesorado, será inapelábel.

O fallo farase público o 6 de maio de 2022 na web do instituto e no blog da biblioteca *A Marela Tarabela*.

Os premios consistirán en 70 euros e un lote de libros para as persoas gañadoras e de 40 euros e un lote de libros para os accésits, ademais dunha morea de parabéns.

A entrega de premios terá lugar, de permitilo a situación sanitaria, no mes de maio nun acto poético-musical na Biblioteca. Os traballos premiados quedarán a dispor do IES Aller Ulloa para a súa posterior publicación.

Podes ver as bases tamén en:

*A Marela Tarabela*, o blog da Biblioteca, e na web do IES Aller Ulloa.